

## Consellos e instrucións para facer as entrevistas

Os **entrevistadores** deben comprender ben que é o que deben buscar:

- Recoñecemento / recollida de exemplares de plantas cos nomes galegos que se lles dean en cada lugar.
- Non lles pedimos aos nosos informantes nin os nomes científicos, nin as formas do galego estándar, nin as formas máis comúns e coñecidas, nin os equivalentes en castelán... Queremos a forma ou formas con que se coñecen popularmente en cada lugar.
- Pedímoslles tamén que nos informen sobre as plantas: características, ciclo vital, comportamentos, usos, crenzas, lendas, cántigas...

Debemos buscar **informantes** galegofalantes que sexan do lugar ou que, en todo caso, estean en condicións de dicirmos, sen lugar a dúbidas, en que lugar lle dan tal nome a tal planta. Os informantes deben ser, preferentemente, persoas maiores, con bo coñecemento do medio natural e da vida e costumes da comarca sobre a que informan.

Hai que procurar que se sintan cómodos durante a **entrevista**. Para iso son fundamentais algunhas condicións previas:

- Deben estar fisicamente cómodos e en condicións de se poderen demorar nas respostas.
- Teñen que saber con toda claridade que é o que buscamos, por que e para que os interrogamos.
- Deben percibir, sen lugar a dúbidas, o noso interese sincero nas súas respostas. Eles son os depositarios dun saber importante, ben valorado por nós, que lles pedimos que compartan e transmitan.
- Cómpre insistir moito en que buscamos os nomes patrimoniais e populares
- Non deben sentir que están sendo examinados nin moito menos avaliados. Eles son os mestres e nós os respectuosos aprendices.

Debemos levar onde **anotar** con todo esmero as respostas. Á parte das follas do cuestionario debemos levar algún caderno en que anotar impresións, comentarios, explicacións longas, etc., con coidado de deixar ben claro a que planta se refire cada información. Algunhas condicións básicas:

- Ao apuntar os nomes debemos usar a mellor caligrafía, de xeito que calquera persoa poida interpretar sen dúbidas a nosa escritura.
- As formas deben anotarse completas. Por ex., non é o mesmo que o informante diga *hortelá ca herba hortelá*, *hortelá da horta* ou *herba do hortelán*.
- Debe collerse sempre, como mínimo, a forma en singular. Se o informante nos dá unha forma que podería interpretarse como plural, anotámola (p. ex., *carvés*); pero a continuación cómpre que preguntemos como se denomina un exemplar illado, pois podería ser tanto *carvés* (sg. e pl.) coma *carvén* (pl. *carvés*).
- O mesmo ocorre cos diminutivos. Se o informante responde *aceviño* debemos anotalo (cf. port. *azevinho*), pero debemos asegurarnos de se *-iño* é afectivo (diminutivo de *acevo*) ou forma xa parte da palabra (isto é, nunca din *acevo*).
- Non é infrecuente que nun mesmo lugar haxa máis dunha forma. Incluso un mesmo informante pode darlle máis dun nome a unha planta. As formas poden ser próximas entre si (tipo *acivo* e *acivro*, *couselo* e *conchelo*, *póutega* e *apóutega*...) ou non (*roseira* e *caraveleira*, *millá* e *herba millá*...). En ocasións aparecerán formas que se orixinan nos usos (p. ex., *maio* para a *xesta*), en xogos infantís (p. ex. *pegadizos* para o *lampazo*, *bistés* para os *couselos*...) ou noutras manifestacións culturais. Todos nos interesan, todos debemos anotar. Tamén anotamos os castelanismos que sexan usuais.
- É posible tamén que a mesma forma denomine máis dunha planta. Se é así, debemos anotalo tal e como o di o informante, pero non estaría de máis asegurarnos de se cada unha desas plantas ten ademais outros nomes que eviten o posible equívoco.